

***PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN FÍSICA***

***CPI PONTE CARREIRA***

***CURSO 2021-2022***

## **INDICE**

- 1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
- 2- OBTIENCIÓN DE OBJETIVOS DE ETAPA E CRITERIOS DE EVALUACIÓN DE CURSOS
- 3- BLOQUES DE CONTENIDOS E COMPETENCIAS CLAVE
- 4- RELACIÓN CON OTRAS ÁREAS E CON TEMAS TRANSVERSALES
- 5- CRITERIOS DE CALIFICACIÓN
- 6- TEMPORALIZACIÓN DE LAS UNIDADES DE EF
- 7- METODOLOGÍA
- 8- PROTOCOLO ANTI COVID E TRABAJO NO PRESENCIAL
- 9- RECURSOS E MATERIALES
- 10- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO
- 11- ACCIONES DE CONTRIBUCIÓN AL PROYECTO LECTOR E AL PLAN TIC
- 12- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
- 13- RELACIÓN ENTRE LOS CRITERIOS DE EVALUACIÓN, LOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE Y LAS COMPETENCIAS CLAVE Y LOS MÍNIMOS A CONSEGUIR

## **1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

A presente Programación didáctica destínase a alumnos e alumnas da etapa de Educación Primaria, e correspóndese coa área de Educación Física. Para levala a cabo, tiven en conta a normativa vixente, entre a que destaco:

**Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.**

**Decreto 105/14 do 4 de setembro polo que se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. Orde do 19 de Maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22. Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-22.**

Tal como establece o Proxecto Lingüístico do centro, as dúas horas semanais correspondentes á área de Educación Física serán impartidas en Lingua Castelá.

É importante sinalar que a programación didáctica vai a ser flexible e aberta, co cal vai a poder sufrir variacións (nos obxectivos, competencias, metodoloxía, avaliación, horarios, recursos, orde das unidades didácticas...) en función das necesidades do alumnado ou do propio centro educativo.

## **CONTEXTO**

### **O Centro Educativo**

O CPI Pontecarreira atópase no municipio coruñés de Frades. É un concello rural de poucos habitantes (sobre 2.500) que se distribúen en 12 parroquias. O núcleo urbano principal atópase preto do centro educativo, ademais do centro médico, casa consistorial e demais comercios da zona. Unha das características da súa poboación é que non hai grandes núcleos urbanos, se non que as casas atópanse formando aldeas pequenas de forma illada polo terreo.

A principal actividade económica dos seus habitantes é o traballo das terras e as plantacións forestais, destacando a ampla presenza de eucaliptos, pinos e carballos.

### **Infraestruturas**

O CPI Pontecarreira consta de dous grandes edificios, un destinado á Educación Infantil e Primaria e outro á Educación Secundaria. Asemesmo consta dun pavillón polideportivo municipal que en horario lectivo pode ser empregado polo centro educativo, un patio cuberto e outro patio bastante amplo que tamén pode ser empregado nas clases de Educación Física.

## ALUMNADO Y GRUPOS

EDUCACIÓN INFANTIL
3-4 anos: 18 alumnos/as
5 anos: 17 alumnos/as
<b>Total: 35 alumnos/as</b>

EDUCACIÓN PRIMARIA
1º curso: 15 alumnos/as
2º curso: 14 alumnos/as
3º curso: 13 alumnos/as
4º curso: 14 alumnos/as
5º curso: 15 alumnos/as
6º curso: 10 alumnos/as
<b>Total: 81 alumnos/as</b>

## 2. OBXECTIVOS ETAPA E CRITERIOS AVALIACIÓN CURSOS

### OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA:

Os Obxectivos Xerais de Etapa son enunciados ou intencións educativas que fixan as capacidades que os alumnos/as deben adquirir, en base as distintas áreas, ó final da etapa de Educación Primaria.

Os sinalados no [Decreto 105/14 do 4 de setembro](#) son os seguintes:

- a) *Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio de unha sociedade democrática.*
- b) *Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudio, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.*
- c) *Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relaciona.*
- d) *Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.*

- e) *Coñecer e utilizar de xeito apropiada a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.*
- f) *Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelos e desenvolverse en situacións cotiás.*
- g) *Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.*
- h) *Coñecer e valorar o seu entorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado de este, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer as mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e sociedade galegas.*
- i) *Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.*
- j) *Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.*
- k) *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.*
- l) *Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.*
- m) *Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado de outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas.*
- n) *Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.*

## **OBXECTIVOS XERAIS EDUCACIÓN FÍSICA**

*Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.*

*Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.*

*Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.*

*Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de auto exixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.*

*Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.*

*Participar en actividades físico-deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.*

*Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto dende a óptica de participante como desde a de público.*

*Adquirir, elixir e aplicar principios de regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.*

*Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.*

### ***CRITERIOS AVALIACIÓN 1º PRIMARIA (APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES A CONSEGUIR)***

- B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.
- B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.
- B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.
- B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.
- B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.
- B5.2. Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.
- B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.

### ***CRITERIOS AVALIACIÓN 2º PRIMARIA (APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES A CONSEGUIR)***

- B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.
- B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.
- B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.
- B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.
- B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.
- B5.2. Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.
- B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.

### ***CRITERIOS AVALIACIÓN 3ª PRIMARIA (APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES A CONSEGUIR)***

- B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.
- B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.
- B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.
- B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.
- B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
- B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.
- B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.
- B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.
- B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades

### ***CRITERIOS AVALIACIÓN 4ª PRIMARIA (APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES A CONSEGUIR)***

- B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.
- B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.



- B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.
- B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.
- B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
- B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.
- B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.
- B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.
- B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.
- B6.2. Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.

### ***CRITERIOS AVALIACIÓN 5º PRIMARIA (APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES A CONSEGUIR)***

- B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.
- B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.
- B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.
- B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

- B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
- B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.
- B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.
- B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.
- B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.
- B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.
- B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.
- B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.

### ***CRITERIOS AVALIACIÓN 6º PRIMARIA (APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES A CONSEGUIR)***

- B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.
- B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.
- B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.
- B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.

- B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
- B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.
- B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.
- B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.
- B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.
- B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.
- B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.

### **3- BLOQUES DE CONTIDOS E COMPETENCIAS CLAVE**

#### **BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS**

Pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques dado que trata aspectos como: os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e á relación coa contorna, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e aceptación das regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e espazos e a integración das Tecnoloxías Información e Comunicación.

#### **BLOQUE 2: O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN**

- Exploración do corpo, sensacións e posibilidades.
- Concienciación da tensión, relaxación e respiración do corpo.
- Experimentación de posturas corporais diversas en situacións de equilibrio/desequilibrio.
- Afirmación da lateralidade.
- Relacións espaciais e temporais; diante-detrás, lonxe-preto, antes-despois...

- Autonomía e aceptación da realidade corporal propia.

### **BLOQUE 3- HABILIDADES MOTRICES**

- Exploración e experimentación das habilidades motrices básicas e das posibilidades de movemento.
- Resolución de problemas motores sinxelos.
- Coordinacións globais diversas.
- Participación en actividades variadas mostrando unha actitude positiva e de esforzo.
- Aceptación da existencia de diferenzas no nivel de habilidade.

### **BLOQUE 4.- ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Imitación de personaxes coñecidos e de situacións cotiás.
- Exteriorización de emocións e sentimentos, e representación de dramatizacións a través do corpo e con obxectos, e de xeito desinhibido.
- Sincronización do movemento con pulsacións e estruturas rítmicas sinxelas.
- Desfrute mediante a expresión a través do corpo.

### **BLOQUE 5.- ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Adquisición de hábitos básicos de hixiene corporal e postural.
- Coñecemento de pautas de alimentación básicas en relación coa actividade física.
- Comprensión da relación da actividade física co benestar.
- Realización de actividades motrices orientadas á mellora da saúde.
- Adopción de medidas de seguridade na actividade física.
- Respecto das normas de uso de materiais e de espazos na práctica de actividade física.
- Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.

### **BLOQUE 6.-OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Práctica e goce de xogos libres e organizados.
- Comprensión e cumprimento das regras do xogo.
- Coñecemento e práctica de xogos populares e tradicionais galegos.
- Descubrimento das estratexias básicas de cooperación e de oposición en determinados xogos.
- Respecto polos demais participantes, valorando o esforzo e confiando nas propias posibilidades.

## **COMPETENCIAS CLAVE**

A área de Educación física contribúe esencialmente a desenvolver a competencia no **Conciencia e expresións culturais**, mediante a percepción e a interacción apropiada do propio corpo, en movemento ou en repouso, nun espazo determinado mellorando as súas posibilidades motrices. Contribúese tamén mediante o coñecemento, a práctica e a valoración da actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde. Esta área é clave para que nenas e nenos adquiran hábitos saudables e de mellora e mantemento da condición física que os acompañen durante a escolaridade e, o que é máis importante, ó longo da vida. Na sociedade actual que progresa cara á optimización do esforzo intelectual e físico, faise imprescindible a práctica da actividade física pero, sobre todo a súa aprendizaxe e valoración como medio de equilibrio psicofísico, como factor de prevención de riscos derivados do sedentarismo e, tamén, como alternativa de ocupación do tempo de ocio.

Tamén engloba todo o relacionado coa cultura galega: Tradicións, xogos populares, bailes ...

Así mesmo, a área contribúe de forma esencial a desenvolver a **competencia social e cívica**. As características da Educación física, sobre todo as relativas ao entorno no que se desenvolve á dinámica das clases, fana propicia para a educación de habilidades sociais, cando a intervención educativa incide neste aspecto. As actividades físicas e en especial as que se realizan colectivamente son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración e o respecto, á vez que contribúen ó desenvolvemento da cooperación e a solidariedade. A Educación física axuda a aprender a convivir, fundamentalmente no que se refire á elaboración y aceptación de regras para o funcionamento colectivo, desde o respecto á autonomía persoal, a participación e a valoración da diversidade. As actividades dirixidas á adquisición das habilidades motrices requiren a capacidade de asumir as diferenzas así como as posibilidades e limitacións propias e alleas. O cumprimento das normas que rixen os xogos colabora na aceptación de códigos de conduta para a convivencia. As actividades físicas competitivas poden xerar conflitos nos que é necesaria a negociación, baseada no diálogo, como medio para a súa resolución. Finalmente, cabe destacar que se contribúe a coñecer a riqueza cultural, a través da práctica de diferentes xogos e danzas.

A expresión de ideas e sentimentos de forma creativa contribúe mediante a exploración-utilización das posibilidades e recursos do corpo e do movemento á apreciación e comprensión do feito cultural e á valoración da súa diversidade, faino mediante o recoñecemento e a apreciación das manifestacións culturais específicas da motricidade humana, como os deportes, os xogos

tradicionais, as actividades expresivas, a danza e a súa consideración como patrimonio dos pobos. Noutro sentido, a área favorece un achegamento ó fenómeno deportivo como espectáculo mediante a análise e a reflexión crítica diante da violencia no deporte ou outras situacións contrarias á dignidade humana que nel se producen

A Educación Física axuda á consecución **da sentido de iniciativa e espírito emprendedor** na medida en que empraiza ó alumnado a tomar decisións con progresiva autonomía en situacións nas que debe manifestar autosuperación, perseveranza e actitude positiva. Tamén faino, se se lle dá protagonismo ó alumnado en aspectos de organización individual e colectiva das actividades físicas, deportivas e expresivas.

A área contribúe, tamén, á **competencia de aprender a aprender** mediante o coñecemento de si mesmo e das propias posibilidades e carencias como punto de partida da aprendizaxe motora desenvolvendo un repertorio variado que facilite a súa transferencia a tarefas motrices máis complexas. Isto permite o establecemento de metas posibles, contribuindo a xerar confianza a súa consecución. Ó mesmo tempo, os proxectos comúns en actividades físicas colectivas facilitan adquirir recursos de cooperación.

Por outro lado, esta área colabora, desde idades temperás, á valoración crítica das mensaxes referidas ó corpo, procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a propia imaxe corporal. Contribúese logo en certa medida a entender **sobre as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e competencia dixital**.

**A competencia matemática.** É obvio que desde a Educación Física tamén se pode desenvolver, facendo referencia á aprendizaxe de elementos e razoamentos matemáticos, incidindo na súa utilización para a resolución de problemas en situacións cotiás propias da nosa materia. Podemos desenvolvela, por exemplo, realizando e analizando cálculos; utilizando números; interpretando informacións, datos e argumentacións; realizando razoamentos de lóxica matemática sobre orde, secuencias, cantidades ou outras nocións matemáticas.

A área tamén contribúe, coma o resto das aprendizaxes, á adquisición da **competencia en comunicación lingüística**, ó ofrecer grande variedade de intercambios comunicativos, do uso das normas que os rexen e do vocabulario específico da área.

#### **4- RELACIÓN COAS OUTRAS ÁREAS E COS TEMAS TRANSVERSAIS**

A interdisciplinidade trata de abordar distintos temas de forma globalizada tendo en conta un mesmo fin tratado dende distintos campos. Ás áreas que contempla a educación primaria e que poden ter maior relación coa educación física son: ciencias sociais e naturais, área de matemáticas, área das linguas e área de educación artística.

- **Ciencias Naturais e Ciencias Sociais**

Teñen tratamento interdisciplinar todos os contidos que traten sobre o coñecemento do corpo humano, o seu funcionamento e o seu coidado. Aspectos nutricionais e relacionados cos distintos sistemas. Do mesmo modo actividades que engloben características do crecemento e todo movemento relacionado en maior ou menor medida coa saúde.

- **Area de Matemáticas:**

Todo o que teña que ver con conceptos de formas xeométricas, direccións, forzas, medida, xiros, representación do espazo a través de mapas, escalas...Conceptos como dentro/fora, arriba/abaixo, grande/pequeno...

- **Área das linguas.**

A educación física pode ofrecer un tratamento afín a estas materias como son todos os sistema de comunicación verbal, dramatizacións, sistemas de comunicación a través dos sons, xestos e movementos. Comprensión dos xogos, regras... . Comunicación e comprensión dos distintos xogos populares, moitos deles relatados a través dá palabra de xeración en xeración.

- **Área de Educación Artística.**

A creación dun movemento é unha creación artística. Os contidos como a manifestación do baile popular, o uso da imaxe para expresar algún coñecemento, sentimento ou sensación, a danza, os ritmos... . Son algúns exemplos para entender a interdisciplinidade con esta área.

Nos últimos anos a sociedade sensibilizouse con algúns aspectos que inciden directamente na marcha do sistema educativo. Algúns tratados directamente nos currículos, outros tratados un pouco á marxe. Son temas de impacto actual e de grande importancia que deben tratarse dentro do currículo son temas transversais que deben ser tratados dende todas ás áreas e formar parte do proxecto curricular de centro.Serán:

- Educación para a paz.
- Educación para o consumidor ou consumidora.
- Educación moral e cívica.
- Educación viaria.
- Educación moral e cívica.
- Educación para a igualdade
- Educación para a saúde.
- Educación para o ocio e o tempo libre.

## **5- CRITERIOS DE CALIFICACIÓN**

Vaise avaliar o esforzo, o interese, a participación nas actividades, o respecto polas normas tanto de comportamento coma de hixiene ... , en definitiva, a actitude positiva do alumno / a na sesión. Ao mesmo tempo, terá en conta os resultados alcanzados de acordo cos criterios e estándares de avaliación da aprendizaxe.

Os instrumentos de avaliación están principalmente fundamentados na observación diaria do alumnado, valorando os seguintes aspectos nas sesións:

- Actitude positiva no desenvolvemento das sesións: participación, interese, esforzo, traballo cooperativo, búsqueda de solucións aos problemas plantexados, respecto polas normas de comportamento, orde nos desplazamentos ao pavillón polideportivo, respecto e coidado do material e das instalacións...

- Hábitos de hixiene corporal: cumprimento das medidas de hixiene e coidado corporal, tanto do centro respetando o protocolo COVID, como das propias de EF. Será necesario traer un neceser persoal (non se pode compartir o material) cos seguintes elementos:

- Toalla pequena ou toallitas ou panos desbotables.
- Botella de auga persoal.
- Máscara de repostos e estoxo para gardala.
- Bote de xel hidroalcohólico (opcional).
- Camiseta para cambiar ao final da sesión (opcional en 1º e 2º, obrigatoria a partir de 3º de Primaria).

- Nivel de habilidades e capacidades: en función dos obxetivos e contidos de cada curso, valorarase a consecución dos mesmos por parte do alumnado. Empregaremos unha avaliación



criterial, comparando o progreso do alumnado consigo mesmo, tendo en conta o nivel do que parten inicialmente.

A partires de 3º de Primaria, tamén se poderán plantexar pequenos traballos de forma teórica ou telemática (a través do blogue de EF e da aula virtual do centro) para repasar os contidos que estemos traballando nese momento.

Os criterios de cualificación que se van empregar á hora de valorar ao alumno/a inciden en tres vertentes:

Actitud diaria en clase (esfuerzo, participación, cooperación cos compañeiros, creatividade...)	40%
Nivel de habilidades y capacidades (contidos propios do curso)	40%
Hábitos hixiánicos e de comportamento	20%

A falta de material de aseo ( toalla para o aseo), repercutirá na nota da avaliación. A falta deste material por tres veces no mesmo trimestre, fai que a nota baixe un punto. Asimesmo as faltas de comportamento, dependendo da gravidade da falta, terase en conta á hora de facer a avaliación trimestral e final do curso.

## 6- TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

### 1º PRIMARIA

	UNIDADES DIDÁCTICAS e Contidos a traballar		Mes
1ª AVAL	1	Avaliación inicial: Normas COVID, xogos de presentación, xogos de coñecemento.	Setembro
	2	Esquema corporal: coñecemento propio corpo , hixiene, respiración, alimentación e sentidos, bailes.	Setembro Outubro
	3	Xogos tradicionais.	Outubro- Nov
	4	Lateralidade, coordinación, tensión, relaxación, respiración, actividades de loga. Equilibrio.	Novembro
	5	Percepción espazo- temporal: posturas corporais e coordinación, espacialidade, orientación, lateralidade, temporalidade.	Decembro
2ª AVAL	6	Habilidades motrices: desprazamentos.	Xaneiro
	7	Habilidades motrices: saltos e xiros.	Xaneiro Febreiro
	8	Habilidades motrices: manexo de obxectos, lanzamentos e recepcións.	Febreiro- Marzo
	9	Xogos reciclados: construción de materiais.	Marzo- Abril
3ª AVAL	10	Expresión corporal: Imitacións, dramatizacións e representacións.	Abril- Maio
	11	Xogos doutras culturas.	Maio
	12	Xogos de repaso de curso, xogos variados.	Xuño

## 2º PRIMARIA

	UNIDADES DIDÁCTICAS e Contidos a traballar		Mes
1ª AVAL	1	Avaliación inicial: Normas COVID, xogos de presentación, xogos de coñecemento.	Setembro
	2	Esquema corporal: coñecemento propio corpo, hixiene, respiración, alimentación e sentidos, bailes.	Setembro Outubro
	3	Xogos tradicionais.	Outubro- Novembro
	4	Lateralidade, coordinación, tensión, relaxación, respiración, actividades de loga. Equilibrio.	Novembro
	5	Percepción espazo- temporal: posturas corporais e coordinación, espacialidade, orientación, lateralidade, temporalidade.	Decembro
2ª AVAL	6	Habilidades motrices: desprazamentos.	Xaneiro
	7	Habilidades motrices: saltos e xiros.	Xaneiro Febreiro
	8	Habilidades motrices: manexo de obxectos, lanzamentos e recepcións.	Febreiro- Marzo
	9	Xogos reciclados: construción de materiais.	Marzo- Abril
3ª AVAL	10	Expresión corporal: Imitacións, dramatizacións e representacións.	Abril- Maio
	11	Xogos doutras culturas.	Maio
	12	Xogos de repaso de curso, xogos variados.	Xuño

### 3º PRIMARIA

	UNIDADES DIDÁCTICAS e Contidos a traballar		Mes
1ª AVAL	1	Avaliación inicial: Normas COVID, xogos de presentación, xogos de coñecemento.	Setembro
	2	Lateralidade.	Setembro Outubro
	3	Xogos Tradicionais.	Outubro- Novembro
	4	Habilidades motrices: desprazamentos.	Novembro
	5	Habilidades motrices: saltos e xiros, combas.	Decembro
2ª AVAL	6	Coordinación óculo-manual: lanzamentos e recepcións.	Xaneiro
	7	Coordinación óculo-pédica: lanzamentos e conducións.	Xaneiro Febreiro
	8	Xogos reciclados: construción de materiais.	Febreiro- Marzo
	9	Xogos predeportivos.	Marzo- Abril
3ª AVAL	10	Expresión corporal: Imitacións, dramatizacións e representacións.	Abril- Maio
	11	Retos físicos.	Maio
	12	Xogos de repaso de curso, xogos variados.	Xuño

**4º PRIMARIA**

		<b>UNIDADES DIDÁCTICAS e Contidos a traballar</b>	<b>Mes</b>
<b>1ª AVAL</b>	1	Avaliación inicial: Normas COVID, xogos de presentación, xogos de coñecemento.	Setembro
	2	Condición física: capacidades físicas básicas, beneficios da actividade física, quecemento e estiramientos...	Setembro Outubro
	3	Xogos tradicionais.	Outubro
	4	Habilidades motrices: desprazamentos.	Novembro
	5	Habilidades motrices: saltos e xiros. Combas.	Decembro
<b>2ª AVAL</b>	6	Coordinación óculo-manual: lanzamentos e recepcións.	Xaneiro
	7	Coordinación óculo-pédica: lanzamentos e conducións.	Xaneiro Febreiro
	8	Xogos cooperativos.	Febreiro- Marzo
	9	Xogos predeportivos.	Marzo- Abril
<b>3ª AVAL</b>	10	Expresión corporal: Imitacións, dramatizacións e representacións.	Abril- Maio
	11	Retos físicos.	Maio
	12	Xogos de repaso de curso, xogos variados.	Xuño

## 5º PRIMARIA

	<b>UNIDADES DIDÁCTICAS e Contidos a traballar</b>		<b>Mes</b>
<b>1ª AVAL</b>	1	Avaliación inicial: Normas COVID, xogos de presentación, xogos de coñecemento.	Setembro
	2	Condición física: capacidades físicas básicas, beneficios da actividade física, quecemento e estiramientos...	Setembro Outubro
	3	Deportes individuais: atletismo.	Outubro Novembro
	4	Retos físicos cooperativos.	Novembro Decembro
<b>2ª AVAL</b>	5	Deportes adversario: bádminton.	Xaneiro
	6	Deportes colectivos: voleibol.	Xaneiro Febreiro
	7	Deportes colectivos: balonmán.	Febreiro- Marzo
	8	Xogos cooperativos.	Marzo- Abril
<b>3ª AVAL</b>	9	Deportes alternativos: datchball.	Abril- Maio
	10	Deportes alternativos variados.	Maio
	11	Actividades físicas no medio natural. Orientación.	Maio - Xuño
	12	Xogos e deportes do curso.	Xuño

## 6º PRIMARIA

	<b>UNIDADES DIDÁCTICAS e Contidos a traballar</b>		<b>Mes</b>
<b>1ª AVAL</b>	1	Avaliación inicial: Normas COVID, xogos de presentación, xogos de coñecemento.	Setembro
	2	Salud, primeiros auxilios, alimentación.	Setembro Outubro
	3	Condición física: capacidades físicas básicas, beneficios da actividade física, quecemento e estiramientos...	Outubro Novembro
	4	Deportes individuais: atletismo, acrosport.	Novembro Decembro
<b>2ª AVAL</b>	5	Deportes colectivos: balonmán.	Xaneiro
	6	Deportes colectivos: baloncesto.	Xaneiro Febreiro
	7	Deportes alternativos: datchball.	Febreiro- Marzo
	8	Deportes alternativos variados.	Marzo- Abril
<b>3ª AVAL</b>	9	Retos físicos.	Abril- Maio
	10	Xogos cooperativos.	Maio
	11	Actividades físicas no medio natural. Orientación.	Maio - Xuño
	12	Xogos e deportes do curso.	Xuño

## 7- METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada é: activa, flexible, integradora, participativa e global e está baseada no proceso por riba dos resultados.

Utilizaremos o xogo como recurso metodolóxico en practicamente todas as sesións (como mínimo na fase de animación-quencemento e volta á calma), aínda que tamén recurriremos a outros estilos de ensinanza.

É un recurso moi empregado en Educación Primaria polas súas características; coeducativo, convencional, creativo, divertido, educativo, espontáneo, evasivo, ficticio, gratuito, incerto, integral, libre, motivante, significativo...

Como imos ver nas Unidades Didácticas, empregaremos tamén diferentes estilos de ensinanza que explicamos a continuación:

### ESTILOS DE ENSINANZA

- **Mando directo:** Estilo baseado no estímulo-resposta. O alumnado responde a uns estímulos que poden ser recibidos por varios canais (auditivo, táctil, visual). As súas características esenciais son a disciplina, as disposicións xeométricas e as respostas ó unísono. O docente establece obxectivos, orde, ritmo, cantidade de execución, calidade... e observa as accións. O esquema que segue é: Demostración-Explicación-Execución-Avaliación.
- **Asignación de Tarefas:** O docente ten un contacto mais directo coa clase. Facilitanse as tarefas e non se obriga ós/ás alumnos/as. Unha vez explicado o que hai que facer, cada un/unha é libre á hora de elixir, rematar a tarefa e tempo a adicar.
- **Ensinanza recíproca:** Os/as alumnos/as pasan a ser os/as mestres, observadores e correctores. Pódese facer en pequeno ou grande grupo. Aínda que é o/a mestre quen decide as tarefas, exercicios e patrón de organización que se van a facer.
- **Descubrimiento guiado:** Proponse unha tarefa para que o/a alumno/a descubra. O/A mestre guía a consecución dos obxectivos, aínda que nunca da a solución. Vai dando pistas e pasará á seguinte cando a resposta anterior sexa correcta. Cando hai varias respostas correctas, o/a mestre vai a darlle un indicio o/a alumno/a para que se decante por unha. O seu esquema é: Disonancia Cognitiva-Investigación-Descubrimiento.
- **Resolución dos problemas:** Plantéxanse problemas con varias solucións a diferenza do estilo anterior. O grao de liberdade e participación individual é case completo. Trabállase do mesmo xeito que no estilo anterior: Disonancia cognitiva-Investigación-Descubrimiento.



## PRINCIPIOS METODOLÓXICOS BÁSICOS:

Ademais dos estilos de ensinanza, temos en conta tamén uns principios metodolóxicos que son considerados necesarios no proceso de ensinanza-aprendizaxe, son os seguintes:

- **Partir do nivel de desenrolo do/a alumno/a:** Teremos en conta as súas características e necesidades, o estadio evolutivo no que se atopa. Avaliación Inicial
- **Intensa actividade por parte do alumnado:** É preciso para que se produza un aprendizaxe significativo. Todo o alumnado participará activamente no desenrolo das sesións.
- **Traballo individual e en grupo:** As agrupacións serán heteroxéneas, fuxindo de calquera tipo de discriminación. As actividades serán mixtas para favorecer así a igualdade entre os sexos.
- **Intervención educativa:** Propiciaremos un clima de confianza, afecto, seguridade e liberdade no que o alumnado se sinta cómodo e a gusto, tanto entre compañeiros/as coma co/a mestre/a.
- **Aprendizaxe funcional:** Que o alumnado vexa unha aplicación do que aprenden á súa vida cotiá e real.
- **Aprendizaxe significativo:** Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, procurando relacionalos cos novos aprendizaxes, xa que deste xeito os asimilarán mellor e serán mais doados de permanecer.

## **8- PROTOCOLO ANTI-COVID**

Debido ás características singulares da nosa área, é necesario activar un plan para a realización de forma segura e responsable, cumprindo con todas as medidas hixiénicas e sanitarias marcadas polos diferentes protocolos. A Educación Física faise especialmente necesaria nestes tempos, nos cales a inactividade física e o sedentarismo da poboación están ocasionando graves problemas relacionados coa saúde da nosa infancia.

### ***NORMAS XERAIS RESPECTO Á ÁREA:***

- Respetar normas do centro en relación ao COVID-19.
- En caso de ter algún síntoma relacionado co COVID-19, indicarllo ao profesor ou tutor/a.
- Uso obligatoria da máscara nas clases, exceptuando cando se realicen no exterior e se poida manter a distancia de seguridade (2 m).
- Limpeza de mans antes e ao final das sesións.
- Manter distancia de seguridade nas explicacións e durante a realización das actividades.
- Intentar non tocarse a cara, ollos e nariz coas mans.
- Cando tosas ou estornudes usar o cóbado.

### ***MATERIAL PARA A REALIZACIÓN DAS CLASES:***

- Asistir con roupa e calzado deportivo.
- Neceser co seguinte material: botella de agua individual, toallitas ou panos desbotables, máscara de reposto. Opcional bote pequeno de xel hidroalcohólico.
- Non se permite o intercambio de material personal.

### ***MATERIALES E O SEU USO:***

- Respetaremos o protocolo da Xunta, cando se compartan materiais procurarase a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans.
- Nas clases nas que se use material, incidirase ao alumnado na correcta limpeza de mans.
- Fomentarase a autoconstrucción de materiais de EF de uso individual.

### ***ANTES DA SESIÓN DE EF:***

- Agardaremos na aula a chegada do profesor.
- Collemos o neceser e o material necesario para a clase.
- No desplazamento ao pavillón, colocámonos mantendo a distancia de seguridade e circulamos pola dereita dos corredores sen molestar ás demás aulas.

- Á chegada ao pavillón, desinfectamos as mans e deixamos o neceser no lugar indicado polo profesor.
- Colocámonos en círculo, mantendo a distancia de seguridade e escoitamos as explicacións en silencio.

#### ***DURANTE A SESIÓN DE EF:***

- Respetamos as normas de seguridade, dos xogos e sobre todo aos nosos compañeiros/as.
- No caso dalgún tipo de molestia, avisamos ao profesor.
- Intentamos gozar da actividade, esforzándonos e sendo conscientes das nosas capacidades.
- Axudamos aos nosos compañeiros/as e colaboramos nas indicacións do profesor (colocación e recollida de material...).
- As pausas de hidratación nas tarefas indícaas o profesor, non está permitido salirse dun xogo ou actividade sin causa xustificada (lesión, malestar...).

#### ***DESPOIS DA SESIÓN DE EF:***

- Entrada no vestiario por turnos establecidos.
- Limpeza de mans e hixiene personal ao finalizar a sesión.
- Recollida de material e pertencencias persoais de forma ordenada e evitando aglomeracións.
- Volta á aula de forma ordenada, respetando a distancia de seguridade e en silencio.

### **PROTOCOLO PARA O TRABALLO DE FORMA NON PRESENCIAL**

No caso de suspensión das actividades presenciais, o método de traballo será a través do blogue de Educación Física do colexio <http://deportenaponte.blogspot.com/> e a través da aula virtual do centro. Nas primeiras semanas do curso, os alumnos/as coñecerán o funcionamento de ambos medios e detectaranse os problemas de conectividade que poidan ter.

A través da aula virtual e do blogue, subiranse actividades, recursos e as tarefas que o alumnado debe facer para seguir traballando os contidos da nosa área. A avaliación neste caso pode ser a través de traballos teóricos, probas fotográficas ou de vídeo da realización das actividades, cuestionarios online ou exames a través da aula virtual.

## 9- RECURSOS E MATERIAIS

### UBICACIÓN: POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

#### GRAN MATERIAL:

- 1 plinton de 7 caixóns de madeira
- 1 pizarra
- 1 potro
- 1 reuter de madeira
- 2 quitamedos. No almacén do instituto.
- 12 vallas (5 XUGA 2003 baixas e 5 XUGA 1995 altas).
- 1 saltómetro
- 2 postes de voleibol brancos
- 4 soportes de voleibol “ 2 verdes e 2 brancos “ (sen contrapesos)
- 2 soportes de bádminton brancos e verdes (sen contrapesos)
- 2 canastras de baloncesto
- 2 canastras de mini-basquet
- 2 porterías de jockey
- 2 porterías de fútbol
- 7 colchonetas de 2x1x0,05 m
- 15 esterillas azuis.

#### MEDIANO E PEQUENO MATERIAL:

- 1 cintas métricas de 20 m
- 1 bombín
- 2 silbatos
- 8 compases nun maletín
- 10 balizas con pinzas
- Varios mapas topográficos de distintas escalas (deterioradas)
- 6 indiacas (deterioradas)
- 22 palas de praia
- 16 frisbees ( 11 vermellos de plástico e 5 de goma de cores ) .
- 2 gomas
- Cordas: (revisar en setembro)
  - 2 grosas longas
  - 3 longas duras
  - 9 cortas duras
  - 5 longas brandas
  - 23 pequenas brandas
  - 2 pequena con mangos
- 10 parellas de zancos (falta un)
- 8 xogos de paus de diábolos (5 paus soltos a maiores)
- 10 diábolos
- 3 conos grandes
- 5 conos semiesfera ríxidos de cores.
- 30 conos baixos de cores.
- 11 aros grandes brancos de tubo.
- 15 aros medianos planos de cores e 2 aros verdes grandes planos.
- 7 picas plástico pequenas

- 16 picas plástico medianas
- 13 picas grandes de madeira
- 14 picas pequenas de madeira
- 11 sticks de floorball (10 palas de floorball a maiores)
- 4 pelotas de floorball
- 2 varillas de voleibol
- 4 portavarillas de voleibol
- 4 xavelinas de espuma
- 12 testigos de relevos
- 3 discos ríxidos de lanzamento
- 4 pelotas de lanzamento de peso
- 1 rede de tenis
- 3 redes de bádminton
- 5 raquetas de bádminton
- 2 paquetes de volantes de bádminton
- 3 redes de voleibol
- 4 bancos suecos
- 14 balóns de baloncesto
- 11 balóns de mini-basquet
- Balóns de voleibol:
  - 5 baden
  - 1 elk sport
  - 1 molten
  - 3 sen marca
  - 5 de espuma
- 5 balóns de rugby
- 5 balóns de goma brandos de balonmán.
- 11 balóns de cores de psicomotricidade.
- Balóns medicinais: 1 de 2 kg ,4 de 3 kg, 2 de 4 kg e 2 de 5 kg
- 9 balóns diferentes

## **INVENTARIO AULA DE PSICOMOTRICIDADE**

- 1 canón con pantalla.
- 1 xogo de auto-falantes e rato.
- 6 conos goma-espuma de cores (deteriorados).
- 18 conos de plástico de cores.
- 4 conos pequenos de plástico de cores .
- 2 conos de plástico moi grandes de cores.
- 1 cono de obras.
- 28 conos baixos pequenos de cor amarela.
- 28 conos baixos pequenos de cor laranxa.
- 2 conos baixos pequenos de cor branca.
- 1 cono baixo pequeno de cor azul.
- 1 balón de foam branco de voleibol.
- 6 cometas: 3 grandes , unha moi grande e 2 pequenas.
- 1 xogo de twister nunha caixa.
- 1 xogo de twister con dado, nun saco.
- 12 aros planos pequenos de cores, 11 planos medianos de cores e 2 aros de tubo grandes.
- 3 pares de zancos de plástico con forma de pé psicomotricidade.

- 1 caixa de plástico con 8 pares de zancos psicomotricidade.
- 2 xogos de madeira articulacións móbiles.
- 8 picas medianas de plástico de diferente cor.
- 10 picas grandes de plástico de diferente cor.
- 15 picas pequenas de plástico de diferente cor.
- 2 picas moi grandes de plástico de diferente cor.
- 1 saco azul con 25 pelotas ( 14 pelotas de diferente cor e tamaño rugosas , unha pelota de praia e 10 pelotas de diferentes tamaños e formas ).
  
- 10 pezas de equilibrio (barra de equilibrio).
- 10 estirillas.
- 9 colchonetas grandes.
- 15 pezas de tapiz ( 7 azuis e 8 rosas, cos seus bordes ).
- 1 plinto de 5 pezas de gomaespuma.
- 1 cilindro- túnel de goma espuma.
- 1 tubo de espuma.
- 2 pontes de espuma.
- 1 dado multixogo de espuma.
- 6 globos xigantes canguro.
- 2 radiocassettes e 2 minicadeas (deterioradas).
- 5 pezas ladrillo de cores grandes.
- 22 pezas ladrillo de cores pequenas.
- 4 balóns globo psicomotricidade de diferentes tamaños.
- 1 balón azul grande ( cabaliño ).
- 2 cabaliños gomaespuma.
- 1 tartaruga de plástico xigante .
- 1 cabaliño de madeira.
- 1 carretilla de plástico.
- 1 paracaídas(deteriorado).
- 1 caixa con 7 raquetas de bádmiton estropeadas e un xogo con 12 pés azuis e 12 vermellos, outro con 12 mans azuis e 12 vermellas e outros dous con 3 mans vermellas, 3 azuis e 3 pés vermellos e 3 azuis.
- 1 caixa con 6 palas con velcro e varias pelotas de pimpón con velcro.
- 1 caixa con 8 saltarinas en cruz, 3 pelotas con cinta, 6 pelotas con cinta, 11 pelotas rugosas pequenas de cor, 12 dados de madeira debuxados e 5 válvulas de globos xigantes.
- 1 caixa con 7pelotas de diferente tamaño, cor e forma.
- 1 caixa con 17 aros pequenos, 2 xogos en cruz para lanzar aros e 3 paus de plástico do xogo do aro.
- 1 caixa con 10 pes azuis, 10 pés laranxas, 10 tiras azuis, 10 tiras laranxas, 10 tiras amarelas, 2 tiras amarelas en forma de ángulo, 2 tiras azuis en forma de ángulo, 10 mans azuis e 10 mans laranxas.
  
- 1 caixa con 13 sinais de tráfico, 8 petos reflectantes e guía didáctica de tráfico, 6 raquetas con pelota enganchada cunha goma ( 2 incompletas ), 6 pelotas-fundas para globo, 6 bolsas de equilibrio cadradas de plástico de diferente cor e 5 bolsas de tela de cores diferentes.
- 1 billar.
- 1 fútbolín.
- 1 xogo de diana xigante.
- 1 corda grosa (sogatira).
- 19 zancos madeira primaria-secundaria.
- 1 xogo "Mi cuerpo".
- 2 xogos de auga "Aquaplay".
- 2 xogos petanca (3 bolas e 6 bolas).

- 1 casa grande del zorro de tela.
